

Modificación do Regulamento do Servizo Universitario de Residencias (S.U.R.)

(Consello de Goberno 17 de febreiro de 2005)

Debido a que o Servizo Universitario de Residencias conta neste momento con seis centros, faise necesaria a modificación do artigo 14 do Regulamento do Servizo Universitario de Residencias (aprobado pola Xunta de Goberno o 16 de xuño de 1998), que se refire á Comisión de Garantías, para que a súa composición sexa adaptada á situación actual.

Así mesmo, cómpre tomar en consideración a delegación de competencias do reitor aprobada por Resolución Reitoral do 5 de maio de 2004 (DOG do 25 de maio de 2004), no que atinxe á competencia en materia do S.U.R.

En consecuencia, o Consello de Goberno, ACORDA:

1. Modificación do artigo 14 do Regulamento do S.U.R.

Modifícase a redacción do artigo 14 do Regulamento do Servizo Universitario de Residencias do seguinte xeito:

Redacción actual:

"(...) A Comisión estará composta polos seguintes membros:

- (...)
- Tres directores e **catro** membros do Consello de Residentes ou Colexiais, designados por sorteo, que representen aos **sete** centros do S.U.R."

Nova redacción:

"(...) A Comisión estará composta polos seguintes membros:

- (...)
- Tres directores e **tres** membros do Consello de Residentes ou Colexiais, designados por sorteo, que representen aos **seis** centros do S.U.R."

2. Modificación da Vicerreitoría competente na materia.

As referencias no Regulamento do S.U.R. á Vicerreitoría e ao/á vicerreitor/a de Estudantes entenderanse realizadas á Vicerreitoría e ao/á vicerreitor/a que por delegación reitoral sexa competente en materia do S.U.R., na actualidade o/a Vicerreitor/a de Extensión Cultural e Servizos á Comunidade Universitaria.